

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 1 DE MARZO DE 2018

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do un de marzo de dous mil dezaioito, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

AOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADUMIA PARA PRESENTACIÓN E DEBATE EN PLENO.

Os abaixo asinantes, na representación que se cita, propoñen aos Grupos Municipais para que presenten ao Pleno da Corporación, para debate e resolución, a seguinte proposta:

1º.- Moción sobre a reactivación da Mina de Touro.

Dase conta da moción presentada en relación coa reactivación da Mina de Touro.

Toma a palabra o Patrón Maior de Cambados Ruperto Costa fai de lectura á moción.- Fai un balance de risco dos sectores produtivos do mar; e explica con detemento que ademais dos traballos directos tamén dan traballos a outros sectores indirectamente.- Da unha explicación exhaustiva sobre a importancia do sector do mar na economía local e sobre cada un dos aspectos da moción, do teor literal seguinte:

Sobre a importancia do sector do mar de Arousa na economía local.

O sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local polo emprego que xera, tanto directo como indirecto. En cifras, este sector representa o 1,33% da produción total da economía galega e achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego.

No 2016, traballaron na ría o 44% das/os mariscadoras/os a pé, máis do 41% das embarcacións de artes menores e o 68,7% das bateas de mexillón de Galicia, cuxa colleita supón máis do 70% de todo o producido en Galicia.

Este sector impulsa tamén moitos empregos en terra e ten gran importancia en actividades etnográficas e gastronómicas, o que supón unha enorme influencia no sector turístico, sector que na actualidade presenta un maior desenvolvemento económico.

O turismo en Arousa susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.

O forte vencello entre estas actividades primarias e o entorno onde se desenvolven, singulariza a paisaxe da ría de Arousa, paisaxe única que produce alimentos de calidade moi estimados polos consumidores e que atrae cada ano a un maior número de turistas que sustentan un volume crecente de pequenos e grandes negocios nas nosas localidades.

Pero todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría, así como as do río Ulla, o máis caudaloso e longo dos que alimentan a ría de Arousa.

Sobre a importancia ambiental do río Ulla e da Ría de Arousa.

A Ría de Arousa é unha unidade ecolóxica que non se pode desligar dos ríos que a alimentan. Así mesmo, os catro espazos protexidos que acolle son un bo indicador da inmensa riqueza ambiental que posúe e que está amplamente recoñecida tanto por publicacións científicas como pola propia lexislación ambiental. Entre estes Espazos Protexidos atópanse: o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, declarado o 1 de xullo de 2002 (Mediante a lei 15-2002) pola especial riqueza ambiental dos seus fondos mariños; a Zona de Especial Conservación Ulla-Deza, declarada o 31 de marzo de 2014 (Decreto 37-2014) que protexe a maior parte do Río Ulla, de gran importancia ambiental e que conta con especies moi sensibles a contaminación das augas; o ZEC Ons-O Grove e Parque Natural do complexo dunal de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, que ten zona mariña dentro da súa superficie protexida.

*A administración debe velar pola conservación de todos estes espazos. A reactivación da mina de Touro aumentará a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando **irreversiblemente** a riqueza ambiental da ría e, consecuentemente, a riqueza económica que sustenta.*

Sobre o proxecto de explotación da mina de cobre San Rafael sita nos concellos de Touro e o Pino.

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto da explotación mineira de cobre San Rafael, nº 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino, na canle media do río Ulla.

Este xacemento foi anteriormente explotado entre 1970 e 1986; a partir desta data abandonouse a explotación deste mineral deixando unha grande superficie cuberta por entullos, balsas de lodos, etc. Trinta e un anos despois aínda non se restauraron todas as superficies afectadas.

Isto provocou no entorno unha forte contaminación dos solos e das augas, tanto das superficiais como das soterradas. Augas de drenaxe hiperacidas con concentración altas de metais que contaminaron varios afluentes do río Ulla. A contaminación actual do estuario do río ten unha relación directa con esta mina.

Agora queren reactivar e ampliar esta concesión, coa participación do grupo multinacional Atalaya Mining, como consecuencia dos altos prezos do cobre estimulados pola demanda do mercado.

Inicialmente van a actuar durante dezaseis anos e medio sobre 689,65 hectáreas das 1.827 que ocupa a concesión, en dez ocios mineiros a ceo aberta dos que se prevé extraer 267,1 millóns de toneladas de materiais; 102,74 millóns de toneladas de mineral de cobre. Para extraer os materiais realizarán 6 voaduras diarias (cada unha con entre 9 e 16 toneladas de explosivos) o que producirá micro terremotos que afectarán á estabilidade dos diques de contención das balsas de lodos.

O proxecto estima que durante os tres primeiros anos vansen verter ata mil millóns de litros anuais de augas que, despois de ser utilizada no tratamento químico necesario para precipitar os metais, será vertida ao Dominio Público Hidráulico.

Os lodos do proceo almacenaranse en dúas balsas: (i) unha auxiliar cunha capacidade de almacenamento de 34 millóns de toneladas estará contida por un muro de máis de 3 Km de lonxitude e unha altura de ata 81 metros, e (ii) unha balsa permanente formada entre as cortas de Arindeiro e Viveiro (chamada lagoa de Arindeiro e Viveiro) cunha capacidade de almacenamento de 69 millóns de toneladas estará contida por un muro de case 3 Km de lonxitude e unha altura de entre 55 e 74 m.

Debido a que estes son os residuos máis perigosos, por ser xeradores de drenaxes acidas mobilizadoras de metais, está previsto almacenalos en depósitos impermeabilizados mediante xeomembrana PEAD e xeotéxtil. Estas balsas, que conterán a maiores os restos non degradados dos compostos químicos empregados na separación do cobre (algún sospeitoso de causar cancro), van ocupar unha superficie total de 269 hectáreas, o que nos dá idea do enorme volume de residuos perigosos almacenados.

Ademais se proxecta unha entulleira de estériles potencialmente xeradores de ácidos cunha capacidade de 58 millóns de toneladas que ocupará unha superficie de 484.000 m², e diversas entulleiras para os estériles non inertes con menor capacidade de mobilización de metais.

Ante os previsibles efectos prexudiciais que rodos estes materiais van ter na calidade de augas dos afluentes do río Ulla, a empresa prevé o impermeabilizado e clausura destes materiais ao final do proxecto, sen ter en conta que os impermeabilizantes degradanse e caducan co tempo polo que se verá incrementada a contaminación das augas proporcionalmente ao volume de residuos perigosos almacenados.

Por todo o expresado anteriormente, a empresa non garante dabondo que os metais tóxicos, os reactivos das augas do proceso, os lixiviados das cortas e das entulleiras non vaian afectar ás augas e sedimentos do río Ulla.

Os concellos situados río abaixo da mina poden verse afectados pola contaminación das augas do río nas captacións de auga potable.

A execución deste novo macro-proxecto de explotación mineira na cunca do Ulla pon en risco a principal área de produción de moluscos da UE, a ría de Arousa. Por tanto as administración deberían aplicar o "principio de precaución" para protexer as actividades de pesca, marisqueo e cultivo de mexillón que se realizan nesta ría.

A execución deste macro-proxecto tamén pon en risco as captacións de auga potable de concellos de Vedra, Boquixón, Teo, Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Pontecesures, Valga, Catoira e Vilagarcía de Arousa.

A execución deste macro-proxecto tamén pon en risco os valores naturais protexidos como o ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza, as especies ameazadas (nomeadamente o mexillón de río, Margaritifera margaritifera e a toupa de río, Galemys pyrenaicus) e o Humidal Ramsar Complexo intermareal Umia-Grove-Carreirón.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Arousa temos solicitado á Consellería do Mar e á Consellería de Economía, Emprego e Industria a retirada do proxecto de explotación da mina de San Rafael de Touro-O Pino e

Propoñemos que o Pleno Municipal acorde:

Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria que se desestime a autorización administrativa á actuación do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESOÇ14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429.

Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados, para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do río Ulla e da ría de Arousa.

Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA).

A continuación toma a palabra a Sra. Fandiño Vázquez e manifesta que están de acordo coa moción e que se paralice o proxecto.

O Sr. Alcalde fai uso da palabra e di que van a apoiar a moción; que hai que coidar e potenciar os recursos da ría e os residuos poden danar ao sector e iso tamén, directa ou indirectamente, lle afectaría a Ribadumia.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

- Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria que se desestime a autorización administrativa á actuación do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas

áreas de produción de moluscos bivalvos ESOÇ14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429.

- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados, para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do río Ulla e da ría de Arousa.

2º e 3º.- Mocións presentada polo P.P., en relación ao 8 de Marzo, Día Internacional da Muller; e Moción presentada polo equipo de goberno de apoio ao movemento feminista de 8 de marzo e na defensa de acción políticas que traballen en prol da igualdade e da defensa dos dereitos das mulleres.

Dase conta que na Comisión Informativa celebrada o martes se chegou ao acordo de unificar ambas mocións. O Sr. Alcalde agradece a toda a Corporación tratar de consensuar as actuacións sobre este tema tan importante e hai que agradecer ao P.P. a súa predisposición a consensuar as mocións presentadas.

Toma a palabra o Sr. Oubiña para explicar que se unifican as dúas mocións e outras presentadas por sindicato e outros formacións políticas, etc.- Que quere facer unha reflexión sobre o tema.- Di que hai que ter en conta que se non se evita que as mulleres non accedan a postos importantes no eido da ciencia, empresas, arte., a longo prazo as mulleres desaparecen da historia futura.- Que agradece que o P.P. accedera a unificacións das mesmas, pero que nesta materia as competencias en igualdade están na Xunta e no Ministerio e o P.P. non actúa igual en todas as administracións.- En decembro de 2016 o Parlamento acorda a creación dunha mesa para igualar salarios e non se fixo nada; que o P.P declarou que non ten pensado seguir incrementando as prazas de garderías públicas (aínda que subvencionan as garderías privadas); que conxelou as partidas para centros de acollida de vítimas de violencia de xénero; que en Madrid non se apoia a igualdade de salarios entre homes e mulleres.

Agradece moito a actitude do PP de Ribadumia, pero máis arriba é donde hai que facer cousas.

No Concello de Ribadumia dende 2015, os fondos en políticas en igualdade se multiplicaron por 3.-

En 2014 e 2015 a a única actividade a favor do día da Muller era un acto no auditorio. O ano pasado xa se fixeron 5 actividades máis ao longo do ano e este ano faranse máis.-En 2017, se leron manifestos, se fixeron actividades para mulleres emprendedoras, charlas de emprendemento feminismo, se recoñecen a tódalas mulleres a súa labor (cunha postal) o acto de homenaxe se mantivo e se regularizou e incrementou o servizo da a escola de ocio; se fixeron campañas concretas de violencia de xénero, apoio a fillos de vítima de violencia de xénero, traballouse co cole neste campo

Insiste no agradecemento o PP se haxa chegado a un acordo.

A Sra. Peña Muñiz responde que o seu partido sempre traballou pola defensa das mulleres e seguirá loitando contra a desigualdade.- Que non vai a entrar nas valoracións políticas feitas polo Sr. Oubiña e sobran.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta que o importante era consensuar a moción e está agradecido, independentemente das consideracións políticas; que o máis importante é conseguir a igualdade.

4º.- Moción presentada polo P.P. solicitando a apertura e continuidade da rúa coñecida como "Rúa do Día.-

Toma a palabra Peña Muñiz, e da conta da moción presentada na que expón, entre outros aspectos que:

Nos últimos anos os gobernos do Partido Popular en Ribadumia, centraron os seus esforzos en conseguir unha mellora das infraestruturas e servizos municipais, que mellorasen a calidade de vida e as oportunidades dos veciños de Ribadumia.

A posta en funcionamento de servizos pioneiros de conciliación laboral e familiar, coma o Plan Madruga ou a escola de ocio e tempo libre, a creación e posterior ampliación da gardaría municipal, a creación de zonas verdes e de esparcemento familiar e, en xeral, a posta en práctica de políticas con epicentro nas persoas, xeraron un desenrolo urbanístico do noso concello sen precedentes animado por unha crecente demanda de veciños de Ribadumia e de toda a comarca, de asentarse e crear unha familia no noso concello, o que nos levou a incrementar nun corto espazo de tempo a barreira dos 5.000 habitantes.

O desenrolo urbanístico de parroquias como a de Barrantes, fixo necesaria a intermediación do concello para lograr a apertura de novas rúas, ao tempo que se investía no adecentamento e mellora das xa existentes, coa renovación de beirarrúas, a instalación de mobiliarios urbano, ou a mellora da sinalización vertical e horizontal, mellorándose a seguridade viaria para peóns e a funcionalidade do tráfico rodado, todo elo, sen descoidar a imaxe de modernidade do noso concello.

A chegada do tripartito ao goberno municipal de Ribadumia, supuxo un freo a moitas das iniciativas que o anterior goberno do PP tiña xa en marcha ou encamiñadas, como por exemplo, a apertura da rúa popularmente coñecida como a "calle do Día", en alusión ao supermercado que alí se sitúa, para a cal xa existía un principio de acordo cos veciños polos que debería ter continuidade a rúa, e unha partida económica para iniciar os tramites da súa execución, a cal foi eliminada polo actual goberno o pouco tempo de chegar.

"A calle do día" na que cohabitan un bo número de veciños e comercios, necesita da actuación e intermediación do concello, co fin de darlle continuidade o seu trazado, de maneira que se desenvolva o casco urbano de Barrantes e se ofrezca unha solución de futuro os comercios e veciños do lugar.

E por elo, que o grupo municipal do Partido Popular, somete ao pleno do concello de Ribadumia a aprobación dos seguintes acordos:

1. Que o concello de Ribadumia retome as negociacións iniciadas polo anterior goberno do Partido Popular, para a apertura da rúa coñecida popularmente como a "calle ou rúa do día", que nace da rúa Rosalía de Castro sen saída.

2.- Que o concello de Ribadumia habilite unha partida económica no próximo orzamento municipal, con destino a apertura da rúa referida, que permita a continuación e desenvolvemento do casco urbano de Barrantes

A Sra. Peña Muñiz presenta a moción para que se retomen as negociacións cos veciños para a apertura da calle do Día (entre Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas), xa que hai moitos veciños e comercios nesa rúa e é necesario darlle saída.- Que Ribadumia creceu considerablemente coas políticas do goberno do PP e o desenvolvemento urbanístico e se traballan unha apertura de novas calles, desenvolvementos de SUNC ou a praza de concello e se estaban levando a cabo negociacións con veciños para darlle saída a esa calle.

En 2015 había un presuposto de 50.000 € para iniciar os trámites, e o tripartito o destinou a outros fins e por iso presentan a moción, e non vale que o equipo de goberno diga que a partida xa existe porque estase dotando con 1.000 euros.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e di que están de acordo en que hai que abrila, pero hai que chegar a acordo con veciños, e en iso se está traballando; que esa zona vai a ser moi importante para o desenvolvemento de Ribadumia no futuro; hai que estudalo ben e negociar ben.

Di que quedou unha partida aberta en anos anteriores por si se podía xa dirixir as negociacións.- que poderían apoiar a moción, pero hai parrafos que non comparte.- Así, no 2º parágrafo aclara que o crecemento de Ribadumia debeuse ó polígono, o PXOM e a concentración parcelaria. O polígono supuxo que moitas familias se asentaran en Ribadumia e a aprobación do PXOM supuxo que o crecemento se puidera facer dunha forma ordenada urbanisticamente e porque había unha concentración parcelaria.- Que é importante a situación de Ribadumia e a comunicación con outros municipios grandes e cidades- Que na moción se fala de crecemento e esparcemento e outros aspectos, pero que non comparten a exposición.

Engade que o equipo de goberno propuxo a supresión dun parágrafo (o parágrafo 4), xa que se tiña falado cos veciños pero non se tiña acabado acordos; que se cambie a expresión de "retomar as negociacións" pola de "continuar" e a de "habilitar unha partida" pola de "manter unha partida", como xa se ven dotando, e que se aceptan estes cambios non terían inconveniente en aprobala.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que a exposición de motivos é real; que se puxeron servizos, que estableceuse a conciliación da vida laboral e familiar, plan madruga, garderías, escola ocio, parques, etc. En definitiva que a exposición é certa e pode gustarlle ou non.

Están de acordo con modificar o de retomar pero non no que se refire á partida orzamentaria de que se "manteña" porque a partida é de 1.000 euros, e se consideran que é importante a calle ten que demostralo cunha partida suficiente, al menos, para facer os trámites administrativos, e non de 1000€ suman. É certo que ten que haber acordo ao menos do 50% dos veciños; había unha fase moi avanzada; se lle importa a calle deberían apoiala e demostralo cunha partida económica.

Toma palabra o Sr. Alcalde, era unha partida aberta que cando se chegou a acordo se podía ampliar cunha modificación de créditos.- Lémbrale á Sra. Peña que o acordo cos profesores para que cederan as vivendas e poder facer a gardería os xestionou él, e quere insistir en que o desarrollo de Ribadumia se basa en 3 pilares: o polígono, o PXOM e a concentración parcelaria.- Que ela ao mellor pretendía facer a rúa por ocupación directa ou expropiación. Había unhas valoracións, alguén lle propuxo uns 70.000€ e non se lle contestou. Se non hai cambios teñen que votar en contra.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, primeiro hai que facer un PERI?, unha reparcelación e os 50.000€ eran para facer a tramitación administrativa e xurídica, e se tan avanzadas están as negociacións que con 1.000€ non se fai nada. Solo os trámites administrativos non é suficiente con 1.000€.- Se houbera interese en facer a rúa non se oporía.

Toma a palabra Mar Rey, e di que co que está a escoitar se revolve na silla. Que o de que houber propostas de acordo, é mentira porque lle acaba de demostrar o Alcalde que as negociacións seguen a facerse; respecto ao de que se "manteña unha partida", nadie di que sexa de 1.000€.

O párrafo 5 non ten xustificación; que é como se pretenderan chamarlles parvos ao equipo de goberno e enriba ter que rir as grazas.

Di que o Equipo de Goberno continuaron as actuacións e legalizaron outras moitas. Están provocando que voten en contra para logo atacar na prensa; non teñen máis interese en que se faga a calle do día que o de machacar o equipo de goberno.- Que debería saír de eles o de suprimir eses parágrafos; que iso é facer demagogia e política barata.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago, en comisión informativa dixo respecto aos cambios propostos que non habería problema; é nunha cuestión de terminoloxía, que ela dixo que non ía a haber problemas e agora se negan; que lle parece unha falta de respecto.- Que para as obras do ximnasio non había cartos e houbo que non había cartos e houbo que facer modificación de crédito e igual se podería facer neste caso se fora necesario.- Lémbrolle que no ano 2015 (21/03/2015) presentou un escrito unha veciña e dicía que se había sinalizado a finca e que non había acordo e solicitaba a retirada da estaca e que se lle presentan a proposta de indemnización.- Que actúan de espaldas de moitos veciños e moi en contra do que se pretendía facer alí; non tiña nada avanzado; non se pararon a negociar.- Que hai unha partida económica e senón que ela propoña unha cantidade e non se sabe en tanto non se teña avanzado; ela non propón ningunha cantidade.

Toma a palabra Peña Muñiz, e di que ela na comisión informativa que estaba de acordo e disposta a que se eliminara o parágrafo, pero non está disposta a que se poña en que se "manteña" e non que se "habilite".

Que na moción non hai unha soa mentira; se tiveron varias reunións para facer unha fase; a esa veciña a que se refire o Sr. Oubiña dí que so se colocaron estacas para facer o estudio e o Concello non ía facer nada sen acordo cos veciños.- que eles eles digan con que veciños faloron e negociaron porque lles consta que con outros non. Se quere que poña unha cantidade que manteñan o que o P.P tiña en 2015 (50.000€).- Que ela dixo que que se puxeron estacas e agora está dicindo que hai que negociar; ela lle comentou aos veciños que esa calle se ía a abrir tal cual; ela díxolle ós veciños que se ía facer; que ela tiña pensado facelo por ocupación directa e este equipo de goberno vai pola negociación e acordo cos veciños.

Insiste que están de acordo coa apertura da rúa, que van a deixar partida aberta e van a negociar cos veciños.

Rematadas as intervencións o Pleno acorda REXEITAR a moción presentada, por sete votos en contra e seis a favor da mesma (P.P.)

5º.- Acordo para adhesión á moción presentada no concello de Meaño para creación dunha rotonda no acceso á parroquia de Bobas e Padrenda dende Sisán na autoestrada AP-9305.

Toma a palabra o SR. Oubiña Lago para dar conta do acordo adoptado polo Concello de Meaño para instar á Deputación de Pontevedra para realizar as xestións necesarias para impulsar a creación dunha rotonda e colaborar na súa execución.-

Toma a palabra Serantes Álvarez, o P.P. vai a estar de acordo en solicitar esta mellora en seguridade vial nesta estrada, non están seguros que esta sexa a mellor opción de rotonda, ou outras solucións coma reductores de velocidade ou similar; non saben se esta é a mellor actuación é un punto negro e están de acordo en instar a Deputación en que se busque a solución máis axeitada aos efectos de mellorar a seguridade vial nesta vía.

O Sr. Alcalde dí que o Equipo de Goberno é consciente da perigosidade dese punto. Os técnicos buscarán a mellor solución para mellorar a seguridade vial e ese é o fin de moción.

O acordo de Meaño e solicita o apoio de Ribadumia. Lle parece correcto a aportación feita por Serantes Alvarez, que se estudie a mellor opción.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1.- Instar á Deputación de Pontevedra para realizar as xestións necesarias para impulsar a creación dunha rotonda e colaborar na súa execución.

6º.- Dar conta distintos escritos presentados polo P.P. (relativos a Plan Concellos e Duatlon).

1º.- Dase conta do escrito presentado polo P.P. no que expónse que lle corresponde a este Concello 800.000 euros no Plan Concellos 2018/2019 en investimentos e liñas de emprego e de actividades deportivas e culturais e solicitan que se destine o importe máximo que permite a contratación de traballadores, formalizándose os contratos con efectos de inmediato e ata finalizar a anualidade; que se destine o importe máximo para actividades e iniciativas culturais, deportivas e sociais e que entre as inversións que se poidan prever na liña de investimntes se inclúa, entre outras: a mellora dos servizos e instalación do CPI; construción dun centro ou local para a xuventude en Barrantes; acondicionamento dos cementerios de Leiro e Sisán; creación dunha traída de auga no lugar de Cruz a Igrexa en Lois; mellora da rede wifi; mellora e mantemento de estradas municipais; melloras das áreas e parques infantís e ampliación das rutas de senderismo e melloras das existentes.

O Sr. Alcalde contesta que xa se ten previsto utilizar o importe máximo en tódalas liñas e indica que respecto as melloras do CPI di que xa se ven investindo no mantemento e que está previsto levar a cabo a execución das obras incluídas no proxecto de 1.500.000 que se redactou (e que tanto critica o P.P.) e tentárase levar a cabo o mesmo, e acadar financiación ou realizalo por fases.- As ampliacións das melloras de Sisán e Leiro xa dende outubro de 2017 se ven traballando en elo e redactado as memorias e estase solicitando as autorizacións pertinentes.- A acometida de auga de Cruz-Lois tense solicitado á Xunta e se non a concederan incluírase no Plan Concellos; a mellora da rede wifi debe saber que cando o P.P. presentou o escrito xa se estaba traballando en elo e levando a cabo; para mellora de redes municipais tamén estase traballando e adquiriuse maquinaria, aínda que todo se pode mellorar; respecto da solicitude de mellora da senda di que se está traballando constantemente en elo.-

2º.- Dase conta do escrito presentado con data 24 de xaneiro no que solicitan que inste a organizadora a corrección das bases da proba "duathlon Ribadumia 2018" no sentido de equiparar os premios que se outorgaran a homes e mulleres participantes no duathlon, independentemente de número de inscritos.

Toma a palabra o Alcalde, o Duathlon o organiza unha asociación e as bases (dende 2012/2013) sempre tiveron as mesmas bases de 2012 a 2015 nunca fixo ela como alcaldesa ningunha crítica e este ano presenta o escrito indicado.

É importante lembrar que, non está patrocinada para axuda como a outras asociacións e ela viña dandolle axuda directa sen axustarse a base ningunha e o que pretende é sacarlle rendemento político ao dicir que hai un concelleiro na asociación.

Que con todo eso o que se logrou foi que a Asociación decidira anular a proba e a mesma podería dar algúns beneficios a locais, bares ou comercios de Ribadumia.

7º.- Dar conta de xestións realizadas en relación co río Xian.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dar conta que cando gobernaba a Sra. Peña Muñiz por un accidente un vehículo tirou o lavadoiro de Xián e nin deu conta ao seguro; que

convocou una subvención e se incluíu esa actuación, entre outras varias para fontes e lavadoiro; chegouse a acordo cun veciño que ten un terreo pequeno detrás.

8º.- Rogos e preguntas.

1º O Sr. Serantes Alvarez di que os medios de comunicación ou membro de goberno dixo que se filtrara un documento dirixido ó equipo de goberno e que non se sabía que se había filtrado e que estaba no rexistro municipal.

O Sr. Oubiña Lago respondeu que nin se preocuparon, nin saben nin o queren saber.

Roga: Que se tomen as medidas oportunas para que haxa dilixencia de filtración ou extravío e haxa dilixencia na custodia de documentos que pasan por rexistro.

Reitera o retraso na entrega das actas da Xunta de GHoberno

O Sr. Alcalde di que hai outros concellos que nin dan os do pleno, son as que máis ó día as teñen. As darán na maior brevidade posible. Ela entregaba as tcon retraso de máis de dous anos e se lle facilitarán á maior brevidade, que o equipo de goberno en ningún momento se deu ordes de que non se lles dera.

O Sr. Serantes di que tiveron coñecemento a través da bandos que se contratou unha empresa para a lectura de contadores e o custe e pregunta que empresa é e o custo.

O Sr. Alcalde contesta que a empresa é contadores Gómez e costou máis ou menos 925€ por cada lectura de tódolos contadores; que se fixo en menos de 10 días e os traballadores están noutros traballos e estase estudiando outras opcións para mellorar as lecturas que non sexa de forma manual, xa que dende anos atrás se viña observando moitos erros nas lecturas de contadores (estase resolvendo algunha do 2014 e pagou 90€ máis do debido), se viu en moitos recibos; no boletín informativo do P.P. en 2014 hai unha lectura mal, porque a lectura non é exacta, se quere correxir eses erros.

O Sr. Serantes Alvarez pregunta se hai unha data prevista para o pintado da rúa Rosalía de Castro.

O Sr. Alcalde responde que non, se mantivo reunións técnicas; se entendeu que a presinalización non era a máis adecuada e se mostrou as prioridades e entendendo

que está paralizado, aínda que a estrada é de Deputación e non os responsables da sinalización.

A Sra. Peña Muñiz pregunta que criterio segue o equipo de goberno para incluír uns escritos do P.P. e outros non.

O Sr. Alcalde, pregunta cales quedan pendentes e a Sra. Peña di que, entre outros os que presentaron preguntando polas xestións feitas ante o ORAL polos recibos da auga e o que se presentou para que o Alcalde informe da legalidade do nome e adecuación do aparcadoiro de Os Castaños á permiso de Augas de Galicia.

O Sr. Oubiña Lago di que non é o Alcalde competente para emitir informes sobre a adecuación das obras e dí que o emita quen corresponda.- O Sr. Alcalde di que se concedeu unha subvención para a súa execución e a inspeccionaron e non manifestaron incidencia algunha (explica que turismo puso algo mas de 30.000 euros e o concello o resto) e ela fixo manifestacións de que por ese diñeiro se podía comprar o terreo e lémbrale que a caseta de turismo leva ahí máis de quince anos e nunca se fixo cesión algunha nin se pagou nada por el.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión sendo as vintedúas horas e dez minutos, de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.-